

# COMUNICACIÓN DE GUERRILLA

Se tes entre **15 e 35 anos**, contamos **contigo**, para participar nesta **actividade gratuíta**.

**Días:** os martes **11, 18 e 25 de outubro de 2022**

**Horarios:** **17:00 - 19:00**

**Lugar:** **Casa da Cultura**. Estrada da Coruña 12, 15165-Bergondo.

## **People & Planet: Un destino común**

*Este proxecto ten como obxectivo concienciar as mozas e mozos europeos sobre as graves consecuencias do cambio climático para que se convertan en axentes de transformación na procura dun mundo máis sustentable.*

O obradoiro de **6 horas** impartido por **AGARESO**, ten como obxectivo coñecer as técnicas da comunicación de guerrilla para *deseñar e poñer en marcha unha “acción de rúa”* que a través do enxeño e a creatividade, provoque unha reflexión na cidadanía.

A comunicación de guerrilla ofrece diversos procedementos: collage, montaxe, distanciamento, sobreidentificación, fake, camuflaxe, teatro invisible, etc.

Neste caso, apóstase polo espazo público como escenario para chamar a atención sobre as problemáticas abordadas, subvertendo a linguaxe da publicidade e utilizando o mobiliario urbano a favor.

Transgresora, aínda que non necesariamente molesta e a miúdo divertida, esta técnica comunicativa nada convencional emprega o enxeño e a creatividade para acadar maior impacto e provocar a reflexión.

Así mesmo, máis aló do efecto no contexto inmediato, as intervencións gravaranse en vídeo para amplificar a súa difusión.

**O tema proposto para reflexionar neste caso será a sustentabilidade vinculada coa auga e a auga como Dereito Humano fundamental.**

Grazas pola vosa atención.

Sáudos, forza e folgos.

Contacta con:

**Jesús Seijas Barquero – Servizos educativos - Concello de Bergondo**

**Tfno. 981 791 252 - Ext. 7 – [jesus.seijas@bergondo.gal](mailto:jesus.seijas@bergondo.gal) – [educacion@bergondo.gal](mailto:educacion@bergondo.gal)**

